[JCCP/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo,** o día **18 de xuño de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Patricia García González
(Presidenta)
Jesús María Fernández Rosende
(en substitución de Paula Mouzo Mas)
(Vicepresidente -en funcións-)
Carmela González Iglesias
(Secretaria)
Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P)
Miguel Fidalgo Iglesias
María Dolores Hermelo Piñeiro
José Alberto Pazos Couñago
María Felisa Rodríguez Carrera
(en substitución de María Deza Martínez)
Roberto Rodríguez Martínez
Manuel Santos Costa
(en substitución de Raúl Santamaría González)
Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
Paulo Ríos Santomé
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
Lara Méndez López
(en substitución de Carlos López Font)
Propoñente:
Don Ramón Tomás Fernández Alfonzo (BNG)
Comparecentes:
Director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día e pásase á tramitación do punto primeiro co debate da primeira iniciativa:

Punto 1. Preguntas

1.1 884 (12/POC-000113)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis
Sobre as propostas efectuadas polo Goberno galego ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación co obxectivo de facilitarlle ao sector da pesca artesanal e marisqueiro galego o cumprimento das obrigas establecidas pola lexislación comunitaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f2, do 15.04.2024

A señora presidenta concédelle a palabra ao señora Hermelo Piñeiro (P), quen expón as razóns que levaron á presentación desta iniciativa expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se refire.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o señor director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (Consellería do Mar), Antonio Basanta Fernández.

Na rolda de réplica a señora Hermelo Piñeiro (P) agradece a información recibida que comenta brevemente con novas consideracións ao respecto.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do señor director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (Consellería do Mar), Antonio Basanta Fernández, quen contesta ás consideracións formuladas.

A señora presidenta agradécelle ao señor Basanta Fernández a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e descúlpao de seguir na sesión da que se ausenta.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

1.2 2935 (12/POC-000457)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre as actuacións que prevé desenvolver a Consellería do Mar relativas á recuperación marisqueira da ría do Burgo e as axudas que vai establecer para as mariscadoras e os mariscadores nos períodos de inactividade

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f2, do 08.05.2024

A señora presidenta concédelle a palabra ao señor Abalde Alonso (S), quen, logo de darlle a benvida á señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, expón os motivos nos que se basean as cuestións concretas que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se refire.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña

Na rolda de réplica o señor Abalde Alonso (S) non concorda coa información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto, ás que lle contesta nunha nova intervención a señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña e con cuxa intervención se pecha o debate desta iniciativa.

A señora presidenta agradécelle á señora Villaverde Acuña a súa presenza e colaboración cos traballo da Comisión e descúlpaa de seguir na sesión ata unha vindeira ocasión.

A continuación, éntrase no desenvolvemento do punto segundo da orde do día e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 551 (12/PNC-000036)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central co fin de que desenvolva un diálogo coas comunidades autónomas marítimas e co sector pesqueiro para valorar a procedencia da inclusión de determinadas especies no Convenio sobre o comercio de especies de fauna e flora silvestres
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024

A señora presidenta concédelle a palabra ao señor Fidalgo Iglesias (P), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se cita.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento, intervén en primeiro lugar o señor Abalde Alonso (S), quen, logo de deixar constancia das súas argumentacións ao respecto, anuncia o voto favorable do seu grupo á proposta formulada.

PARLAMENTO DE GALICIA

En segundo lugar, intervén a señora Pérez Fernández (BNG), quen, logo de expoñer as súas argumentacións ao respecto, se pronuncia a prol da proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións o señor Fidalgo Iglesias (P) comenta brevemente as anteriores intervencións e agradece o apoio amosado polos demais grupos parlamentarios á súa proposta.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

2.2 579 (12/PNC-000041)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 6 máis
Sobre as medidas que debe impulsar neste momento o Goberno galego para preservar a calidade das augas do río Ulla e da ría de Arousa e para protexer o sector do mar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024

Intervén a señora Pérez Fernández (BNG), quen procede á formulación e defensa desta proposición non de lei, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir a preservación da calidade das augas do río Ulla e da ría de Arousa, e protexer o sector do mar.

A esta iniciativa tampouco se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento intervén, en primeiro lugar, o señor Abalde Alonso (S), quen, logo de expoñer as súas argumentacións ao respecto, se pronuncia a favor da proposta formulada.

En segundo lugar, intervén o señor Trenor López (P) para dar conta das razóns polas que o seu grupo vai apoiar a proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións a señora Pérez Fernández (BNG) comenta e discrepa da posición exposta polo grupo maioritario e insiste na defensa da súa proposta, á vez que agradece o apoio do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Deseguido, pásase ao debate da terceira iniciativa:

2.3 1937 (12/PNC-000238)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre determinadas accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia no que atinxe á situación da produción marisqueira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

A señora presidenta, previamente, lembra os tempos de intervención para o debate das proposicións non de lei –8 minutos para o grupo propoñente, 8 minutos para os

voceiros/as dos demais grupos parlamentarios e 3 minutos para peche do debate– e rógalle as súas señorías que se axusten a eles. Deseguido, comunica que a esta proposición non de lei se presentou unha automenda de modificación, doc. 5874, e concédelle a palabra ao señor Abalde Alonso (S), quen procede a formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se refire, á vez que xustifica a presentación da autoemenda de modificación

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes, intervén en primeiro lugar a señora Pérez Fernández (BNG), quen expresa a posición do seu grupo a favor da proposta formulada.

En segundo lugar, intervén o señor Fernández Rosende (P), quen, logo de comentar as anteriores intervencións e deixar constancia das súas argumentacións ao respecto, salienta conformidade nos puntos 1, 2 e 3 do texto resolutivo proposto, pero non no punto 4 e coa autoemenda de modificación. Solicita a votación por puntos da iniciativa e a retirada da autoemenda presentada.

Na rolda de puntualizacións o señor Abalde Alonso (S), quen, logo de matizar algunhas cuestións, indica que non acepta a votación por puntos da iniciativa e xustifica a non retirada da autoemenda presentada (No decurso da súa intervención incorpórase á sesión o señor deputado do G.P. do BNG, Ramón Fernández Alfonzo).

Seguidamente, pásase ao debate da cuarta iniciativa:

2.4 3619 (12/PNC-000457)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre determinadas medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia dirixidas a recuperar os recursos marisqueiros e pesqueiros da ría de Cedeira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024

A señora presidenta, concédelle a palabra ao señor Fernández Alfonzo (BNG), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso que insta o Goberno galego sobre determinadas medidas que debe adoptar para a recuperación da ría de Cedeira.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda dos grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento intervén, en primeiro lugar, o señor Abalde Alonso (S), quen se manifesta a prol da proposta formulada.

En segundo lugar, intervén o señor Fernández Rosende (P), quen, logo de comentar as argumentacións expostas polos anteriores intervenientes, salienta a posibilidade de chegar a consenso co grupo propoñente e anuncia unha emenda “in voce” consistente en

PARLAMENTO DE GALICIA

engadir ao final do punto primeiro do texto resolutivo da iniciativa o seguinte: "coordinando os concellos da zona con Augas de Galicia".

Na rolda de puntualizacións o señor Fernández Alfonzo (BNG), logo de agradecer o apoio do G.P. dos Socialistas de Galicia, comenta as argumentacións do voceiro do grupo maioritario e salienta que non ten inconveniente en aceptar a emenda "in voce" sempre e cando os termos sexan os correctos.

Ao esgotarse o debate das proposicións non de lei, a señora presidenta fai un pequeno receso na sesión –13.10 horas– para consenso dos grupos parlamentarios co texto resolutivo da anterior iniciativa.

Reiniciase a sesión –13.11 horas–; a señora presidenta somete a votación as proposicións non de lei pola súa orde, cos resultados que reflicten a seguir:

1) Iniciativa, **doc. 551 (12/PNC-000036), do G.P. Popular de Galicia**; sométese a votación e resulta **aprobada** sen modificacións **pola unanimidade** dos 17 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que desenvolva un contacto efectivo e permanente co sector pesqueiro e coas comunidades autónomas marítimas con intereses neste ámbito, a fin de definir unha coordinación plena que permita completar as afectacións sociais e económicas daquelas medidas ambientais que, procedentes do marco europeo e internacional, incidan na pesca, tales como a inclusión da quenlla e do marraxo dientuso no anexo II do Convenio sobre o comercio internacional de especies de fauna e flora silvestres (CITES).»

2) Iniciativa, **doc. 579 (12/PNC-000041), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor ..... 5 (G.P. BNG)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións..... 2 (G.P. S)

3) Iniciativa, **doc. 1937 (12/PNC-000238), do G.P. dos Socialistas de Galicia**; sométese a votación –coa incorporación da autoemenda de modificación (doc. 5874)–, e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor ..... 7 (GG.PP. BNG+S)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións..... 0

PARLAMENTO DE GALICIA

4) Iniciativa, **doc. 3619 (12/PNC-000457), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; sométese a votación o texto transaccionado –resultado da emenda "in voce" do G.P. Popular de Galicia e a proposta de transacción do grupo propoñente– ao que dá lectura o señor Fernández Alfonzo (BNG) e resulta **aprobado pola unanimidade** dos 17 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

1. A que Augas de Galicia, en colaboración cos concellos ribeiregos, identifique e elimine as verteduras que provocan os elevados niveis bactereolóxicos.

2. Restaurar os bancos marisqueiros da praia da Madalena, da praia de Vilarrube e da enseada de Pantín.»

Sen máis asuntos que tratar a señora presidenta levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:15 horas.

Patricia García González

Firmado digitalmente por Patricia García González
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Patricia García González, email=patricia.garcia.gonzalez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.08.23 12:06:58 +02'00'

Vº e pr.
Patricia García González
Presidenta da Comisión

Carmela González Iglesias

Firmado digitalmente por Carmela González Iglesias
Fecha: 2024.08.23 10:56:21 +02'00'

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión